



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (FAGAL), PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS DE APOIO A PERSOAS COIDADORAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS RESIDENTES EN GALICIA

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017

REUNIDOS

Dunha parte:

O **Sr. D. José Manuel Rey Varela**, na súa condición de conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, con DNI 36073858Z, que actúa en nome e representación da **FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (FAGAL)**, con CIF G15656739, en virtude da súa condición de representante dela, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos tal como consta no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,



EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei de contratos do sector público e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que a entidade FAGAL figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1126, tendo por finalidade promover o desenvolvemento e o cumprimento dos fins das asociacións integradas nela e promover actuacións destinadas a mellorar a situación das familias e unha mellor atención aos enfermos.

V. Que actualmente faise preciso establecer medidas orientadas ao apoio e formación das persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia con Alzheimer e outras demencias, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á rede pública de recursos da Administración, sendo o pilar fundamental onde se sustentan en moitas familias o coidado das persoas en situación de dependencia, especialmente naqueles espazos onde a implantación de servizos e programas específicos é débil.





Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa entidade FAGAL para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas coa atención a persoas coidadoras.

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, a entidade FAGAL é a única federación de iniciativa social e de ámbito autonómico que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega un programa de asesoramento e apoio a entidades de iniciativa social adicadas á atención aos familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias en Galicia, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 47 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 en relación ao artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións. Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo os programas de apoio e formación das persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia enfermas de Alzheimer e outras demencias en Galicia, en orde ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actividades que conleva o servizo orientado á formación e apoio das persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia enfermas de Alzheimer e outras demencias que FAGAL ten previsto desenvolver, entre outras, durante o ano 2017 e que a continuación se detallan:

Actividades xerais

- Cursos de formación para coidadores non profesionais de persoas con dependencia enfermas de alzheimer e outras demencias.
- Talleres de aplicación dos coidados no domicilio.
- Creación e dinamización de grupos de autoapoio de persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia enfermas de alzheimer e outras demencias.
- Creación de servizos de apoio, sensibilización e formación no área rural de Galicia
- Desenvolvemento de materiais de Formación.

FAGAL terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

SEGUNDA: Relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.



A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade beneficiaria

1.- En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario estipulados no artigo 10 desa Lei.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos



internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: “subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social”, co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

j) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

2.- Obriga de subministración de información prevista no artigo 4 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e as consecuencias do seu incumprimento.

A entidade asinante do convenio, en tanto que beneficiaria dunha subvención, estará obrigada a subministrar á Administración da Xunta de Galicia, logo de requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I “Transparencia da actividade pública” da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada Lei.



CUARTA: Documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará xunto co programa de actividades a desenvolver no convenio a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.
- d) Presentación dun método de imputación de custos indirectos.

QUINTA: Orzamento

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará **dezaoito mil euros (18.000,00 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria **12.04.312D.481.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.



SEXTA: Gastos imputables

1.- O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da Lei 9/2007,



do 13 de xuño os seguintes:

- a) Gastos de persoal: custes salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización da actividade obxecto da subvención.
- b) Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao convenio e deberán ser moderados e limitados (tarifas de transporte económicas, aloxamentos de categoría media, axudas de custo limitadas tomando como referencia as establecidas para a administración pública). Por cada viaxe deberá informarse do motivo da viaxe e lugar de reunión.
- c) Gastos derivados da xestión e organización de servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas beneficiarias directas dos servizos prestados pola entidade e derivados da asistencia aos mesmos que o precisen e demanden; quedan excluídos os gastos que deriven da asistencia a servizos de atención diúrna que contén con financiamento público.
- d) Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coa actividade obxecto da subvención ou co mantemento de FAGAL e das entidades federadas; estes deberán ser moderados.
- e) Gastos xerais de natureza corrente necesarios para o desenvolvemento do obxecto do convenio: enerxía eléctrica, auga, combustible (se non está incluído no aluguer), comunicacións, limpeza, seguridade, seguros de responsabilidade civil.
- f) O aluguer dos locais nos que se desenvolva a actividade obxecto deste convenio debidamente xustificado, agás aqueles nos que exista unha relación contractual.
- g) Os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado, así como os de administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.





Non se subvencionarán gastos correntes nin de persoal correspondentes a centros asociados a FAGAL que teñan relación contractual cunha administración pública, no ámbito das súas competencias estatutarias.

FAGAL deberá presentar unha certificación coa relación daquelas entidades e/ou centros que teñan suscrito un contrato coa administración pública indicando o obxecto do mesmo e a data de suscripción.

2.- En tódolos custos indirectos establecerase e xustificarse a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente a realización dos gastos.

SÉTIMA.- Compatibilidade con outras subvencións.

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

OITAVA: Forma de pagamento

1.- Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2.- Son gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A estes efectos, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto na cláusula sétima.



3.- Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do proveedor.

4.- Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a Entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 10% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) Ata o 80% do total da subvención concedida (incluíndo nesta porcentaxe a contía pagada con carácter de anticipo) poderán acordarse ata cinco pagamentos parciais, a medida que o beneficiario xustifique ter realizado un gasto equivalente, mediante certificación do responsable da entidade xunto coa documentación recollida no apartado b) da cláusula sétima.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

c) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio e aportando a documentación indicada na cláusula sétima.



NOVENA: Documentación xustificativa

A presentación da **conta xustificativa** levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha **memoria final das actuacións desenvolvidas** en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, nº de beneficiarios en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha **memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas**, que conterá:

- Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na relación á que se fai referencia no 1º parágrafo.

- Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan ao presente convenio gastos de desprazamento derivados de acudir aos servizos que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación.
- Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.



- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.
- Os 3 orzamentos que deba ter solicitado o beneficiario, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 18.000 € pola prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica.
- Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) Declaración complementaria e actualizada comprensiva de todas as axudas e subvencións concedidas para o mesmo proxecto, indicando que non hai ningunha pendente de resolución, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

Asemade, xunto coa conta xustificativa deberase de achegar novamente unha declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2017. Excepcionase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas, TC's da Seguridade Social e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, que poderá presentarse ata o día 31 de xaneiro de 2017.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade de FAGAL.



DÉCIMA: Subcontratación

FAGAL é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, con empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social, sempre que estas empresas estean participadas maioritariamente polas entidades de iniciativa social definidas no artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como coas entidades federadas, xustificando que dita subcontratación se realiza consonte as condicións normais de mercado.

FAGAL comunicará, no seu caso, a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

A estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO PRIMEIRA: Vixencia e efectos

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase FAGAL dende o 1 de xaneiro de 2017 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

DÉCIMO SEGUNDA: Publicidade e inscrición en rexistros.

De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia



para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- Tratamento dos datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa de desenvolvemento. Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice á persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a sxt.politica.social@xunta.gal.

DÉCIMO CUARTA: Autorización o consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio



As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto integro do convenio.

DÉCIMO QUINTA: Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento composta por dous representantes designados pola entidade beneficiaria e dous representantes da Consellería de Política Social, para levar a cabo o seguimento e avaliación das accións previstas no presente convenio.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos representantes da administración autonómica, reunirase cando así o solicite algunha das partes.

O funcionamento desta comisión rexerase pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- Modificación, denuncia, causas de resolución e efectos do incumprimento.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.

Será causa de resolución o incumprimento das obrigas previstas neste convenio por calquera das partes, cos efectos legais que comporte en aplicación do artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, en función da que incumprira e do momento en que se produza o incumprimento. Igualmente, será causa de resolución a denuncia por calquera das partes efectuada con dous meses de antelación á efectividade da mesma.



O incumprimento do obxecto do convenio recollido na súa cláusula primeira, ou a falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SÉTIMA: Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándosele os principios do RD lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse, segundo o disposto no artigo 4.2 da dita lei; no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición, que se interporá ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes se a resolución fose expresa, ou en calquera momento a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa normativa específica, se produza o acto presunto, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

**O CONSELLEIRO DE POLÍTICA
SOCIAL**

José Manuel Rey Varela

**O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN DE
ASOCIACIÓNS GALEGAS DE
FAMILIARES DE ENFERMOS DE
ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS**

Juan Carlos Rodríguez Bernárdez